



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria urxente do 30 de agosto de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e tres minutos do día trinta de agosto de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do pleno, Sr. Riesgo Boluda, e o interventor xeral Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(942).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(943).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO TÉCNICO DOCENTE PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 17091/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/08/18 e o informe de fiscalización do 28/08/18, dáse conta do informe-proposta do 28/08/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do Concello de Vigo, recolle dentro do Programa 3410, a aplicación orzamentaria 3410.227.99.25 "Usos instalacións deportes maiores".

2.- Con data 01/03/2018, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase informe da necesidade da contratación dos servizos técnico-docentes para o desenvolvemento das actividades físico-deportivas do programa de ximnasia para maiores.

3.- Con data 02/03/2018, á vista do informe do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o concelleiro de Deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación de servizos docentes do programa de ximnasia para maiores".

4.- Con data 24/08/2018, á vista do informe de conformidade de asesoría xurídica asinado pola letrada-xefa de asesoramento, do informe proposta asinado polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo e o Concelleiro de deportes de data 23/08/2018 e do informe de fiscalización de data 24/08/2018 asinado polo Interventor do Concello de Vigo, aprobouse na Xunta de Goberno Local o expediente de contratación da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de "ximnasia para persoas maiores".

5.- Con data 25/08/2018 detectouse que varias cuestións vinculadas cos criterios de adxudicación que afectan ó tipo de procedemento proposto para o contrato obxecto do expediente debían ser modificadas, o que obriga ó servizo a tramitar unha nova proposta, redactándose unha nova memoria xustificativa asinada polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo con data 27/08/2018, e un novo PCAP, asinado con data 28/08/2018 pola Técnica de Administración Xeral.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa da necesidade da contratación da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de "Ximnasia para persoas maiores".
- Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de ximnasia para persoas maiores, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 29 de xuño de 2018.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica da Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 28 de agosto de 2018.
- Informe do 28/08/2018, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.



Concello de Vigo

2.- Condicións definitorias do contrato:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de "Ximnasia para persoas maiores".

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente á prestación dos servizos técnicos directamente relacionados coas necesidades para a posta en funcionamento dos programa de ximnasia para maiores.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de servizos, previsto no artigo 17 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Non se contempla a división en lotes do contrato debido a que a execución das tarefas vinculadas ó mesmo e a necesaria coordinación das actuacións en relación ó desenvolvemento das actividades nas diferentes instalacións municipais veríanse comprometidas desde un punto de vista técnico, fundamentado na necesidade de establecer pautas, actuacións, contidos, obxectivos, criterios de actuación, modelos de actividade, patróns e ritmos de aprendizaxe comúns no programa, que dificilmente poderían garantirse no caso dunha división por lotes.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

O importe do valor estimado do contrato determina a tramitación como un procedemento aberto.

A forma de tramitación será a ordinaria.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese en dúas anualidades, o importe para a totalidade do contrato estímase en 62.985,56 € sen iva, nun importe correspondente ó iva (21%) de 13.226,97 € o cal totaliza un importe de 76.212,53 € con IVE (21%).

O presente contrato será calculado en base á referencia do prezo unitario para a hora de docencia técnica (titulado superior Ldo. Ciencias da Actividade Física e o Deporte) segundo o establecido no III Convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia 2016-2018 para o desenvolvemento das actividades físicas ximnasia para persoas maiores, os custos vinculados coas tarefas de coordinación e

administración do programa, os custos vinculados cos materiais funxibles e a amortización do material deportivo, os gastos xerais e o beneficio industrial, establecéndose como prezo de licitación para dito contrato o de 34,08 € hora sendo o importe aplicable o IVE (21%) o de 7,16 €, o cal totaliza un importe total de 41,24 €.

Gastos Directos	Gastos Indirectos	
Docencia hora/licenciado CCAFD		14,50 €
Coordinación e administración programa		7,25 €
Custo materiais funxibles		3,25 €
Custos Roupa persoal		0,32 €
Custos absentismo laboral		1,16 €
	Amortización material deportivo	2,16 €
	Gastos xerais (13%)	3,72 €
	Beneficio Industrial (6%)	1,72 €
TOTAL PREZO/HORA SEN IVE		34,08 €
	IVE (21%)	7,16 €
TOTAL CON IVE		41,24 €

O importe para a totalidade do contrato estímase en 62.985,56 € sen ive, e un importe correspondente o ive (21%) de 13.226,97 € o cal totaliza un importe de 76.212,53 €. con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen ive	IVE	Importe con IVE
2018	10.497,59 €	2.204,49 €	12.702,09 €
2019	31.492,78 €	6.613,48 €	38.106,26 €
2020	20.995,19 €	4.408,99 €	25.404,18 €
Totais	62.985,56 €	13.226,96 €	76.212,53 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	227.99.25	CUSTO INSTALACIÓNS DEPORTES MAIORES
------	-----------	-------------------------------------

O valor estimado do contrato establécese en 75.582,67 €

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos



Concello de Vigo

de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución do vixente contrato.

d.- Revisión de prezos.

Tendo en conta que o prazo do contrato proposto é de dous anos, enténdese que non procede revisión para o prezo do contrato.

e.- Facturación dos servizos:

A prestación dos servizos vinculados ó presente contrato se realizará a través de facturas mensuais polo importe resultante das horas efectivas realizadas ó mes, tanto as referentes as clases executadas, como o porcentaxe de titorías executadas no mesmo período.

f.- Clasificación contratistas

O presente contrato non require a esixencia dunha clasificación previa ó atoparse nos comprendidos na categoría 26 “de servizos de esparcemento, culturais e deportivos”.

g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

Solvencia económica e financeira:

- Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que, no mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que indique importe, data e destinatario, público ou privado dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos de igual ou similar natureza, por importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato. Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.

Prevese a valoración de múltiples criterios, en cumprimento do artigo 145.3 g) da LCSP:

h.1.- Avaliable mediante xuízo de valor:

Proxecto de organización e prestación de servizos; explícase como se vai valorar ata 46 puntos,

h.2.- Avaliables mediante fórmula:

Redución do prezo unitario; ata 49 puntos.

Impartición de dúas charlas sobre hábitos de vida saudables para persoas maiores; ata 5

i.- Subcontratación.

Se autoriza nos términos e contías previstas no artigo 215 do LCSP, a excepción das tarefas críticas directamente relacionadas coa “docencia”, debendo ser estas executadas polo contratista principal, fundamentado na necesidade de garantir o cumprimento das esixencias vinculadas coas peculiaridades específicas do traballo técnico docente de actividade física para persoas maiores.

j.- Prazo de garantía:

Tendo en conta a especificidade dos traballos vinculados a este contrato e a propia natureza das prestacións, non se considera a necesidade dun prazo de garantía.

k.- Garantía provisional e definitiva:

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do prezo de adxudicación do contrato (sen iva).

l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de dous (2) anos.

Atendendo as peculiaridades do obxecto do contrato en relación ó desenvolvemento da prestación dos servizos técnico-docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de “Ximnasia para persoas maiores”, e tendo en conta a temporalidade deste programa, así como as peculiaridades técnicas do mesmo este período enténdese como adecuado para o desenvolvemento dos obxectivos do programa.

As características e necesidades concretas do colectivo da terceira idade ó que vai dirixido o programa demandan, tendo en conta a experiencia derivada da execución anterior do programa, unha estabilidade mínima das características, métodos e sistemas de traballo que permita establecer un nivel óptimo de motivación no colectivo, cuestión fundamental no programa obxecto da contratación.

m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

Os licitadores deberán comprometerse a adscribir á execución do contrato, en caso de resultar adxudicatarios, a un graduado/a ou licenciado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte para o traballo técnico docente

n.- Modificación do contrato.

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

- Que polas necesidades da demanda de usuarios para o programa ou polas peculiaridades das actividades, sexa necesario a realización de mais horas das previstas inicialmente no proxecto e recollidas no PPTP.
- Calquera proposta de modificado non poderá superar un incremento do 20% do importe do prezo da oferta do adxudicatario.

o.-Seguro:

O adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.



Concello de Vigo

3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Deixar sen efecto o PCAP vinculado co contrato obxecto deste expediente, aprobado pola Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente celebrada o 24/08/2018.

Segundo: Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de "Ximnasia para persoas maiores".

Terceiro: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de ximnasia para persoas maiores, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 29 de xuño de 2018.

Cuarto: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación con data 28 de agosto de 2018.

Quinto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **62.985,56 € sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **13.226,97 €** o cal totaliza un importe de **76.212,53 €**. con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2018	10.497,59 €	2.204,49 €	12.702,09 €
2019	31.492,78 €	6.613,48 €	38.106,26 €
2020	20.995,19 €	4.408,99 €	25.404,18 €
Totais	62.985,56 €	13.226,96 €	76.2

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	227.99.25	CUSTO INSTALACIÓNS DEPORTES MAIORES
------	-----------	-------------------------------------

Sexto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(944).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL, TR351F 2018/51-5. EXPTE. 15629/77.

Dáse conta do informe-proposta do 20/08/18, asinado polo xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, e polo concelleiro -delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do **08 de febreiro de 2018**, a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

*–Aprobar a memoria do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, “**Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios**”, que se achega no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga para o ano 2018, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.*

–

*–Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **166.003,67 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.*

–Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.

–Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Posteriormente, por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, formúlase requirimento (Nº Expediente TR351F 2018/51-5) solicítase subsanación consistente na rectificación do CNAE da categoría de "Oficial conducción" así coma os erros aritméticos advertidos na táboa salarial da Memoria do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, “**Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios**” que fora aprobada pola XGL (expdte. 14822/77). Unha vez corrixidos os devenditos erros, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de maio de 2018, adoptou os seguinte acordos:

*1. Proceder, de conformidade coa fundamentación anteriormente exposta, á corrección do erro material advertido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 08/02/2018, de aprobación da memoria do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, “**Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios**”, que se achega no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga para o ano 2018, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.*



Concello de Vigo

2. Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **166.459,04 €** para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

3. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.

4. Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

ANEXO I: Resumo de proxecto memoria do servizo:

“Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios”

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2018										
Pos-to	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE /Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	7 meses 75% Xornada
1	Capataz-Construción	752,69	125,45	878,14	878,14	84/d	37,80	331,94	1.210,07	6.352,89 €
3	Oficial albanel	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	18.638,35 €
1	Oficial fontaneiro	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	6.212,78 €
2	Of. xardinaria	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	1.156,77	12.146,04 €
2	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	37,80	324,62	1.183,39	12.425,57 €
8	Peón Xardinaria-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	1.156,47	48.571,61 €
10	Peón construción	735,90	122,65	858,55	858,55	84/d	37,80	324,53	1.183,08	62.111,80 €
27										166.459,04 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- 2410 2100000 MATERIAIS CONSTRUCIÓN E OBRAS 16,257,72 €
- 2410 2210400 VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO 3.902,58 €

Con data 14 de agosto recíbese a notificación da concesión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2018/51-5, por resolución do xefe territorial de Pontevedra do Servizo de Emprego e Economía Social (asinado P.A. pola xefa do servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 14 de agosto de 2018 en base á Orde do 12 de decembro de 2017 (pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a

entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018 TR351F 2018/51-5) e a Orde do 05 de xullo de 2018)pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 12 de decembro de 2017), na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **166.459,04€** para a contratación de **27 persoas** durante **7 meses** cunha **xornada parcial do 75%**.

A devandita resolución supón a concesión da totalidade da subvención solicitada polo Concello de Vigo (expdte. 14822/77)

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución do xefe territorial de Pontevedra do Servizo de Emprego e Economía Social (asinado P.A. pola xefa do servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 14 de agosto de 2018 en base á Orde do 12 de decembro de 2017 (pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018 TR351F 2018/51-5) e a Orde do 05 de xullo de 2018)pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 12 de decembro de 2017), na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 166.459,04€ para a contratación de 27 persoas durante 7 meses cunha xornada parcial do 75%.

2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión das subvencións para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2018/51-5, ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018 TR351F 2018/51-5.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(945).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES DE VIGO. EXPTE. 8398/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/08/18 e o informe de fiscalización do 24/08/18, dáse conta do informe-proposta do 11/07/18,



Concello de Vigo

asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de, Igualdade, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Casa das Mulleres é un servizo exterior adscrito á Concellería de Igualdade que dá cabida aos proxectos do asociacionismo feminino local, dá resposta ás demandas do movemento asociativo das mulleres de Vigo, poñendo á súa disposición un equipamento con locais que ofrecen un lugar de encontro e de referencia para todas as mulleres, fomentando o encontro, o intercambio de experiencias e as redes de solidariedade entre os distintos colectivos feministas dando lugar a un fortalecemento do asociacionismo de mulleres. O apoio ao asociacionismo de mulleres concrétese tamén con tarefas de información en asesoramento sobre recursos e actividades e xestionando os espazos da Casa das Mulleres onde os colectivos se poden reunir. O centro dispón de 2 aulas, 1 sala de exposicións, un despacho, un almacén-arquivo e unha antesala polivalente.

Neste espazo realízanse xuntanzas, exposicións e relatorios, impártense cursos e outras actividades que promovan a participación e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, unhas veces organizadas pola propia Concellería de Igualdade e outras por mulleres, ben a título individual ou ben como colectivo, a través das súas organizacións.

. Desde a servizo de Igualdade xustificouse a necesidade e a idoneidade de tramitar un expediente de contratación mediante contrato maior de servizos previsto no artigo 17 da LCSP por procedemento aberto. A forma de tramitación será a ordinaria con múltiples criterios de adxudicación, conforme o establecido nos artigos 156 e 145 da LCSP. Informe de data 29.05.2018 (modificado en data 28.06.2018) e incorporado ao expediente.

. Consta no expediente Resolución de data 29.05.2018 da Concelleira delegada de Igualdade autorizando o inicio do expediente.

. Este órgano xestor incorporou ao expediente o Prego de Prescricións Técnicas de data 30.05.2018 (modificado en data 28.06.2018), a memoria xustificativa de data 30.05.2018 (modificada en data 10.07.2018) e informe da actual adxudicataria do servizo sobre o persoal adscrito ao mesmo motivando que non existe obriga de subrogación do dito persoal.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración dun ano, coa posibilidade de realizar como máximo catro prórrogas, cunha duración de un ano cada unha.

Segundo se motiva na memoria xustificativa, o Valor estimado do contrato (sen IVE) é de 28.063,63 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas, é de 140.318,15 €.

O Prezo do contrato (1 ano de duración) é de **33.956,99 €** que inclúe un IVE de 5.893,36 €.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta das partidas orzamentarias “*Dinamización Casa das Mulleres*” 2311 2279910 e bolsa de vinculación xurídica, e “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2019, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2018 imputarase 11.319,00 € e no exercicio 2019: 22.637,99 €.

. En data 11.07.2018 o servizo de Contratación emite informe favorable e incorpora ao expediente o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Normativa de aplicación:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

O presente contrato ademais, atópase vinculado ás competencias que en materia de igualdade e promoción das mulleres ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 e que no relativo a este servizo e á súa finalidade, son:

“ Dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Igualdade:.../Casa das Mulleres/...”, “Accións tendentes a visibilizar e incrementar a presenza das mulleres nos distintos ámbitos da vida social e nos procesos de toma de decisión, abrindo canles de participación para impulsar o empoderamento das mulleres”; “Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisión das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións”; “Impulsar e desenvolver accións positivas e medidas, tanto preventivas como integradoras, tendentes a eliminar as situacións de desigualdade e desvantaxe social para as mulleres en todos os ámbitos”.

Atendendo á instrución 1/2004 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente de contratación consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría. Xustifícase pois a continuidade que require a norma e que a súa prestación non implica risco á sustentabilidade financeira da facenda municipal.

Polo exposto, e previo informe favorable do servizo de Contratación, Asesoría Xurídica e Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres.

2º.- Autorizar o gasto de 33.956,99 € para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres, que se imputará con cargo ás partidas presupostarias “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 2279910 e bolsa de vinculación xurídica e “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2019, desglosado do seguinte xeito: 11.319,00 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2018 e 22.637,99 € imputarase ao orzamento



Concello de Vigo

futuro do exercicio 2019, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres de data 11.07.2018, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 28.06.2018”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(946).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS. EXPTE. 8568/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/08/18 e o informe de fiscalización do 27/08/18, dáse conta do informe-proposta do 11/07/18, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de Igualdade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Centro de Documentación e Recursos Feministas, é un servizo exterior adscrito á Concellería de Igualdade que xestiona información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas. O Centro persegue: visibilizar as achegas das mulleres á sociedade; ser un lugar de encontro e de intercambio de información e experiencias; conservar, difundir e potenciar un fondo bibliográfico especializado no eido da igualdade e pensamento feminista; visibilizar e potenciar a creación literaria de mulleres; reunir e conservar documentación e materiais elaborados pola administración pública municipal no eido da Igualdade así como polo Movemento Feminista e dinamizar e fomentar a cultura da Igualdade entre a cidadanía.

Este servizo ofrece ao público: consulta de documentación para 12 postos en sala de lectura, préstamo a domicilio, préstamo interbibliotecario, asesoramento documental, actividades de extensión cultural (presentación de libros, videoforum, club de lectura, faladoiros, etc). Ten un fondo documental que consta de: 10.400 volumes; 151 títulos de publicacións periódicas; 970 unidades de material audiovisual.

. Desde a servizo de Igualdade xustificouse a necesidade e a idoneidade de tramitar un expediente de contratación mediante contrato maior de servizos previsto no artigo 17 da LCSP por procedemento aberto. A forma de tramitación será a ordinaria con múltiples criterios de adxudicación, conforme o establecido nos artigos 156 e 145 da LCSP. Informe de data 11.06.2018 (modificado en data 28.06.2018) e incorporado ao expediente.

. Consta no expediente Resolución de data 11.06.2018 da Concelleira delegada de Igualdade autorizando o inicio do expediente.

. Este órgano xestor incorporou ao expediente o Prego de Prescricións Técnicas de data 11.06.2018 (modificado en data 29.06.2018), a memoria xustificativa de data 11.06.2018 (modificada en data 10.07.2018) e informe da actual adxudicataria do servizo sobre o persoal adscrito ao mesmo motivando que non existe obriga de subrogación do dito persoal.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración dun ano, coa posibilidade de realizar como máximo catro prórrogas, cunha duración de un ano cada unha.

Segundo se motiva na memoria xustificativa, o Valor estimado do contrato (sen IVE) é de 23.464,06 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas, é de 117.320,30 €.

O Prezo do contrato (1 ano de duración) é de **28.391,51 €** que inclúe un IVE de 4.927,45 €.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas con cargo á partida orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2019, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2018 imputarase 9.463,84 € e no exercicio 2019: 18.927,67 €.

. En data 11.07.2018 o servizo de Contratación emite informe favorable e incorpora ao expediente o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Normativa de aplicación:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

O presente contrato, ademais, atópase vinculado ás competencias que en materia de igualdade e promoción das mulleres ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 e que no relativo a este servizo e á súa finalidade, son:

"Dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Igualdade:.../Centro de Documentación e Recursos Feministas/...", "Promocionar, desenvolver e difundir accións tendentes a visibilizar e incrementar a presenza das mulleres nos distintos ámbitos da vida social e nos procesos de toma de decisión, abrindo canles de participación para impulsar o empoderamento das mulleres"; "Impulsar e desenvolver accións positivas e medidas, tanto preventivas como integradoras, tendentes a eliminar as situacións de desigualdade e desvantaxe social para as mulleres en todos os ámbitos", "Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo".

Atendendo á instrución 1/2004 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente de contratación consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida



Concello de Vigo

presupostaría. Xustifícase pois a continuidade que require a norma e que a súa prestación non implica risco á sustentabilidade financeira da facenda municipal.

Polo exposto, e previo informe favorable do servizo de Contratación, Asesoría Xurídica e Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas.

2º.- Autorizar o gasto de 28.391,51 € para a contratación da xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas, que se imputará con cargo á partida presupostaria “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2019, desglosado do seguinte xeito: 9.463,84 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2018 e 18.927,67 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2019, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas de data 11.07.2018, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 29.06.2018 “.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(947).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA “PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA OS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS E CARGOS ELECTOS LOCAIS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 31477/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/08/18 e o informe de fiscalización do 23/08/18, dáse conta do informe-proposta do 01/07/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 01/09/2014 foi subscrito contrato entre a Concellería-delegada de Contratación do Excmo. Concello de Vigo e SURNE MUTUAL DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA, para a contratación do seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo (expte 24360-220), previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno local en sesión extraordinaria e urxente de data 08/08/2014.

No contrato (cláusula 4) e no prego de cláusulas administrativas particulares, (cláusula 4.2.), preveíase a posibilidade de prórroga mediante acordo expreso da Xunta de Goberno Local, sendo o prazo de execución inicial de dous anos, e dúas prórrogas dun ano cada unha, sempre que calquera das partes non se opuxese á mesma cunha antelación mínima

de seis meses ao vencemento do período en curso, debendo existir acordo municipal da prórroga antes da data de fin da formalización do contrato, 1/09/2016.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26/08/2016, adoptou o acordo da primeira prórroga do contrato de seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, formalizado coa entidade "SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA" polo período do 01/09/2016 a 31/08/2016 (expte 24360/220).

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 25/11/2016, adoptou o acordo de ampliación do gasto da primeira prórroga do contrato de seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, formalizado coa entidade "SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA" polo período do 01/09/2016 a 31/08/2017. (expte 24360/220).

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27/07/2017, adoptou o seguinte acordo da segunda prórroga do contrato de seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, formalizado coa entidade "SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA" polo período do 01/09/2017 a 31/08/2018.(expte 24360/220).

Quinto.- No expediente de contratación consta a documentación que sigue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada onde se indican as finalidades da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación, de data 16/02/2018 asinada pola Xefatura da Área de RRHH e o Concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares, de data 02/07/2018.
- d) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo Xestor de data 13/07/2018.
- e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 13/07/2018.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 01/08/2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 e 30/12/2016), aos concelleiros de Área.



Concello de Vigo

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares ao que se incorporan as determinacións técnicas exixidas pola lexislación especial reguladora da actividade obxecto do contrato, redactado pola técnica de administración xeral da Área de RRHH e Formación e asistida pola Xefa do Servizo de Contratación do Concello.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). Xustifícase a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nas repercusións económicas dos elementos da obra.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da "PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA OS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS E CARGOS ELECTOS LOCAIS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO", cun orzamento base de licitación 220.000 € (exento de IVE).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 01/08/2018.

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe de DOUSCENTOS VINTE MIL € (220.000 €.)

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo da partida orzamentaria 2210.1620500644.

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2018: 36.666 €

2019: 110.000 €

2020: 73.334 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(948).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE 19 OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS/PEÓNS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 31785/220.

Visto o informe de fiscalización do 27/08/18, dáse conta do informe-proposta do 27/08/18, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con datas 07/06/2018 e 09/07/18, a Xefa do Servizo de Educación e a Concelleira de Educación; remiten oficios manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de vinte oficiais de instalacións municipais ou operarios peóns por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 26/07/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local vinte oficiais de instalacións municipais ou operarios peóns por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

Dado que unicamente se atopan dispoñibles dezanove candidatos (dous/dúas oficiais de instalacións municipais e dezasete operarios/as peóns), continúaase o expediente para o nomeamento interino por acumulación de tarefas.

3.- Con data 24/08/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao posto ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 347, Técnico/a medio de normalización lingüística, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino



Concello de Vigo

-ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos de datas 07/06/2018 e 09/07/18, da Xefa do Servizo de Educación e da Concelleira de Educación, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 26/07/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas oficiais de instalacións municipais e dezasete operarios/as peóns para o Servizo de Educación, supón un gasto de **208.275,82 €** (2 oficiais de instalacións- 23.803,04€ e 17 operarios peóns- 184.472,78 €) dos que 137.703,02 € corresponden ao presente exercicio e, 70.572,80 € ao vindeiro exercicio 2019, ao que haberá que engadirse a cantidade de **70.510,10 €** (46.618,28 €, corresponden ao presente exercicio e 23.891,82 € ao vindeiro exercicio 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. O

referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para as categorías de Oficiais de instalacións municipais e Operarios peóns, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, proceden os chamamentos:

. como Oficiais de Instalacións municipais: **Comesaña Fernández, I., con DNI ****485-D e González Ramos, V., con DNI ****465-T.**

. como Operarios peóns: **Abalde Costa, A., con DNI ****096-L; Costas Ferreira, J.C., con DNI ****571-P; Costas Álvarez, L.E., con DNI ****286-A; Cayetano Portabales, A., con DNI ****408-W, Bao Fernández, I., con DNI ****582-W; Fajardo Fariñas, J., con DNI ****401-T; Fernández Monje, P., con DNI ****485-E; Luis Fernández, A., con DNI ****325-R; Iglesias López, J.L., con DNI ****573-D; Diz Vaqueiro, M.C., con DNI ****569-B; Rial Pousada, Y, con DNI ****626-T; Quintela Román, E., con DNI ****735-M; Alonso Ferreira, E., con DNI ****707-V; Fernández García, R., con DNI ****838-Y; Martínez Martínez, B., con DNI ****590-G; Conde Simón, M., con DNI ****473-R e Rodríguez Lago, J.M., con DNI ****461-W,** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos incorporados ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dezanove funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas -como **Oficiais de instalacións municipais (2)** e **Operarios-**



Concello de Vigo

peóns (17)-, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Servizo de Educación, contidas nos escritos de datas 07/06/18 e 09/07/18 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **208.275,82 € (2 oficiais de instalacións- 23.803,04 € e 17 operarios peóns- 184.472,78 €)** dos que 137.703,02 € corresponden ao presente exercicio e, 70.572,80 € ao vindeiro exercicio 2019, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, **como oficiais de instalacións municipais** a **Comesaña Fernández, I., con DNI ****485-D e González Ramos, V., con DNI ****465-T, e, como Operarios peóns** aos seguintes: **Abalde Costa, A., con DNI ****096-L; Costas Ferreira, J.C., con DNI ****571-P; Costas Álvarez, L.E., con DNI ****286-A; Cayetano Portabales, A., con DNI ****408-W, Bao Fernández, I., con DNI ****582-W; Fajardo Fariñas, J., con DNI ****401-T; Fernández Monje, P., con DNI ****485-E; Luis Fernández, A., con DNI ****325-R; Iglesias López, J.L., con DNI ****573-D; Diz Vaqueiro, M.C., con DNI ****569-B; Rial Pousada, Y, con DNI ****626-T; Quintela Román, E., con DNI ****735-M; Alonso Ferreira, E., con DNI ****707-V; Fernández García, R., con DNI ****838-Y; Martínez Martínez, B., con DNI ****590-G; Conde Simón, M., con DNI ****473-R e Rodríguez Lago, J.M., con DNI ****461-W**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos (Posto cód. 300-Oficial de instalacións municipais e Posto cód. 158-Operario peón), sendo adscritos/as ao Servizo de Educación, sen prexuízo de que, de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á Xefatura de Educación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(949).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE 5 POLICÍAS LOCAIS POLA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES OEP 2010/2011. EXPTE. 32452/220.

Visto o informe de fiscalización do 28/08/18, dáse conta do informe-proposta do 10/08/18, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de cinco prazas de Policía Local, pola quenda de mobilidade horizontal, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, en réxime funcional de dedicación exclusiva, enmarcada no grupo C, Subgrupo C1; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, policía local; categoría, policía local, para os efectos de titulación, na súa sesión de data 31/05/2018, acordou propoñer aos seguintes aspirantes por orden de puntuación:

<i>D. Feijó Sanchez, J.</i>	<i>75,355 puntos.</i>
<i>D. Pardo Otero, C.</i>	<i>74,28 puntos.</i>
<i>D. Sabucedo Bestilleiro, F.</i>	<i>73,94 puntos.</i>
<i>D. Currás Rincón, J. M.</i>	<i>73,6 puntos.</i>
<i>D. Arias estevez, D.</i>	<i>71,79 puntos</i>

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 05/07/2018.

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de Alcaldía e acordos da Xunta de Goberno Local de datas de 19/06/2015 e



Concello de Vigo

30/12/2016, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear funcionarios de carreira, con cargo ás prazas vacantes de **POLICÍA LOCAL**, da OEP 2010/2011, pola quenda de mobilidade horizontal, os seguintes aspirantes, propostos polo Órgano de Selección, que superaron o concurso-oposición.

<i>D. Feijó Sanchez, J.</i>	75,355 puntos.
<i>D. Pardo Otero, C.</i>	74,28 puntos.
<i>D. Sabucedo Bestilleiro, F.</i>	73,94 puntos.
<i>D. Currás Rincón, J. M.</i>	73,6 puntos.
<i>D. Arias estevez, D.</i>	71,79 puntos

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

SEGUNDO: O presente acordo notifíquese aos interesados/as, Sres. Concelleiros-delegados das Áreas de Xestión Municipal, Seguridade e Mobilidade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios, Intendente-xefe do Corpo da Policía Local, Intervención Xeral Municipal, Área de Recursos Humanos e Formación (Técnicos da Área, Negociado de Seguridade Social, Inspector auxiliar de Persoal) e Comité de Persoal aos efectos oportunos, significándolles que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(950).- ABOAMENTO DE DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA OEP 2010/2011 POLICÍA LOCAL, MOBILIDADE HORIZONTAL. EXPTE. 32449/220.

Visto o informe de fiscalización do 27/08/18, dáse conta do informe-proposta do 22/08/18, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/09/2012, aprobou as bases xerais reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 240 de 18/12/2012), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 23407/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 27309/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de **POLICÍA LOCAL**, pola quenda de mobilidade horizontal, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 7.215,06 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

Nº de persoal 13712, presidente, con DNI nº **.***.165-J, vinte asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 856,60 €.

Nº de persoal 21054, secretario, con DNI nº **.***.250-P, vinte e dous asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 942,26 €.

D. Rodríguez Rey, J.F., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.118-N, con domicilio en Praza Europa, nº5 2ºD, Cambre, vinte asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraje 298 Km. x 20 x 0,19 (1.132,40 €), gastos de peaxe por 525,85 € e tickets de parking 36,15 €, o que supón un total de 2.490,00 € a abonar no número IBAN ES07 0238 8125 5007 0006 9602

Dª. Pereiro Domínguez, M., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.596-M, con domicilio en Rúa Jose Fernández Lopez, nº 2 1ºF, O Porriño, vinte asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraje 24,8 Km. x 20 x 0,19 (94,24 €), o que supón un total de 889,84 € a abonar no número IBAN ES84 2080 0524 8130 0007 8383

D. González Costas, J., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.690-D, con domicilio en Lgar. Louriña 1ªA, O Porriño, vinte asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraje



Concello de Vigo

33,4 Km. x 20 x 0,19 (126,92 €), o que supón un total de 922,52 € a abonar no número IBAN ES37 2100 2304 9102 0030 5435

Nº de persoal 83599, asistencia técnico-administrativa, con DNI **.***.837-Y, vinte asistencias de 39,78 €, importa un total de 795,60 €.

Nº de persoal 16283, asistencia técnico-administrativa, con DNI nº **.***.789-L, oito asistencias de 39,78 €, importa un total de 318,24 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a provisión en propiedade de cinco prazas de POLICÍA LOCAL, pola quenda de mobilidade horizontal correspondente á OEP 2010-2011 (2ª fase) e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 7.215,06 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

Nº de persoal 13712, presidente, con DNI nº **.***.165-J, vinte asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 856,60 €.

Nº de persoal 21054, secretario, con DNI nº **.***.250-P, vinte e dous asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 942,26 €.

D. Rodríguez Rey, J.F., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.118-N, con domicilio en Praza Europa, nº5 2ºD, Cambre, vinte asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraje 298 Km. x 20 x 0,19 (1.132,40 €), gastos de peaxe por 525,85 € e tickets de parking 36,15 €, o que supón un total de 2.490,00 € a abonar no número IBAN ES07 0238 8125 5007 0006 9602

Dª. Pereiro Domínguez, M., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.596-M, con domicilio en Rúa Jose Fernández Lopez, nº 2 1ºF, O Porriño, vinte asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraje 24,8 Km. x 20 x 0,19 (94,24 €), o que supón un total de 889,84 € a abonar no número IBAN ES84 2080 0524 8130 0007 8383

D. González Costas, J., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.690-D, con domicilio en Lgar. Louriña 1ªA, O Porriño, vinte asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraje 33,4 Km. x 20 x 0,19 (126,92 €), o que supón un total de 922,52 € a abonar no número IBAN ES37 2100 2304 9102 0030 5435

Nº de persoal 83599, asistencia técnico-administrativa, con DNI **.***.837-Y, vinte asistencias de 39,78 €, importa un total de 795,60 €.

Nº de persoal 16283, asistencia técnico-administrativa, con DNI nº **.***.789-L, oito asistencias de 39,78 €, importa un total de 318,24 €.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(951).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS (ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9), FASE 2. EXPTE. 79/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24/08/18 e o informe de fiscalización do 28/08/18, dáse conta do informe-proposta do 03/08/18, asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, aprobación inicial do modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017. Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.74 "Humanización Rúa Coutadas Fase 2" por importe de 275.000 Euros.

II.- Para levar a cabo esta actuación, o Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 19 de setembro de 2017, resolveu autorizar o gasto para redacción da actualización e refundido do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS EN TEIS, FASE II", a prol da empresa Ordenación Territorial Infraestruturas e Medioambiente – OTIMA.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 27.04.18 a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21.05.2018 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9, FASE 2" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Santiago López Fontán, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SETE MIL NOVECIENTOS ONCE EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (407.911,41 €) de data febreiro de 2018 e con firma dixital de data 25/04/2018.

IV.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o citado expediente núm 3.593-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21.05.18 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 21.05.18, que se corresponde co expediente administrativo 3.593-443, e que inclúe Pregos de Prescricións Técnicas redactado.



Concello de Vigo

- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, o Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 10.07.18, onde se indica as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 10.07.18.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 12.07.2018
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor de data 30.07.2018.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 01.08.2018.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación de data 02.08.2018.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 08.05.2018), así como o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). A proposta atópase contemplada no orzamento aprobado inicialmente polo Pleno para o ano 2018.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9, FASE 2” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Santiago López Fontán, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SETE MIL NOVECIENTOS ONCE EUROS CON COARENTA E UN CÉNTIMOS (407.911,41 €) de data febreiro de 2018 e con firma dixital de data 25/04/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 02.08.2018.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CATROCENTOS SETE MIL NOVECIENTOS ONCE EUROS CON COARENTA E UN CÉNTIMOS 407.911,41 €, sendo o importe correspondente ao IVE 70.794,54 €.

Trátase dunha obra de carácter plurianual. Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento dos anos 2018 e 2019, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.74 coa seguinte distribución de anualidades:

2018: 275.000,00 euros

2019: 132.911,41 euros

En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda na anualidade do ano 2019.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

11(952).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO POLIDEPORTIVO CUBERTO NA RÚA ROMIL, Nº 77”. EXPTE. 37/441.

Visto o informe de fiscalización do 28/08/18, dáse conta do informe-proposta do 27/08/18, da secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL e polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras o 7 de agosto de 2018:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	91,60
2	UTE PRECE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-OGMIOS PROYECTO,	91,11

	S.L.	
3	UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	86,74
4	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.	86,00
5	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	80,51
6	PRADO LAMEIRO, S.L.	80,02
7	COPCISA, S.A.	75,98
8	ORECO, S.A.	66,82
9	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	56,48

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., o día 14 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida o 23 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Concello de Vigo

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 13 de xullo e 7 de agosto de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441) por un prezo total de 1.847.908,47 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 320.711,39 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

12(953).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA SÚA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA, RENOVACIÓN DE ELEMENTOS DE ILUMINACIÓN VIARIA-COLUMNAS, LUMINARIAS, CADROS DE MANDO E OUTRO MATERIAL ELÉCTRICO- DESTINADOS AOS SERVIZOS ENERXÉTICOS. EXPTE. 50730/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/08/18 e o informe de fiscalización do 29/08/18, dáse conta do informe-proposta do 13/08/18, asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Pleno Municipal en sesión de 27 de xuño de 2.018, aprobou inicialmente o expediente 54-142, Aprobación inicial da modificación orzamentaria número 29/2018- crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2.017. Na mesma se contempla a aplicación 1.650.619.00.70 “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA-RENOVACIÓN ELEMENTOS DE ILUMINACIÓN VIARIA”- cun importe de 650.000 euros.

2.-Ao abeiro do previsto na Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE (LCSP), asinouse en data 4/07/18

Informe de necesidade e idoneidade pola Enxeñeiro Industrial Municipal, o Xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario, e o Xefe da Área de Inversións- Área Servizos Xerais.

No devandito Informe defínense con precisión as necesidades que pretenden cubrirse a medio do presente contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais; necesidades que veñen constituídas pola demanda dos Servizos Enerxéticos do Concello de Vigo que requiren, tanto para o seu correcto funcionamento como para a mellora da eficiencia enerxética da rede de alumeadado público, a renovación de columnas, luminarias, cadros de mando e outros elementos eléctricos necesarios para o funcionamento das instalacións de iluminación, fontes e túneles, e que son definidos na memoria valorada asinada pola Enxeñeira Industrial Municipal, Begoña Arranz González de data 4 de xullo de 2018.

3.- Na actualidade atópase vixente o contrato de servizos de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, galerías de servizo e fontes (expte.15857-444) no cal existe a obriga da adxudicataria de subministrar materiais funxibles, sendo que respecto ao material non funxible a obriga de subministro se limita ás actuacións necesarias para reparacións de mantemento correctivo establecendo unha limitación anual respecto a súa contía.

4.- Constitúe o obxecto do contrato, o subministro na súa modalidade de adquisición dos elementos definidos na referida memoria valorada de data 4/07/18, e que son necesarios para a reposición de elementos obrigatorios que resulta imprescindible cambiar polo seu deterioro así como para unha mellora da eficiencia enerxética, tanto no ámbito do contrato de mantemento actualmente vixente destinado ás reparacións derivadas do mantemento correctivo que superen o límite establecido no devandito contrato de servizos, como o destinado a actuacións realizadas co medios propios dos Servizos Enerxéticos do Concello de Vigo.

5.-En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación a medio de Decreto de data 4/07/18.

6.- Informase na Memoria xustificativa sobre o cumprimento dos requisitos establecidos na Disposición Adicional 16ª do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, modificada polo Real Decreto-lei 1/2.018, de 23 de marzo, e en consecuencia a consideración das inversións como "Inversións financeiramente sostibles" por non supor a proposta de gasto ningún desequilibrio orzamentario, e atoparse contemplada no orzamento vixente, non contemplando o gasto proposto ningunha outra obriga que se derive do mesmo polo seu carácter finalista. As actuacións obxecto do presente contrato son cualificadas como investimentos de conformidade coa Orde EHA/3565, de 3 de decembro de 2.008; identificándose como actuacións de "investimentos reais" debido ao incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas do servizo público que prestan, acreditándose en consecuencia os requisitos establecidos polo TRLRFL en relación co Real Decreto-lei 1/2.08, de 23 de marzo.



Concello de Vigo

7.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Memoria valorada asinada pola Enxeñeiro Industrial Municipal de data 4/07/18.

b).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 4/07/18 pola Enxeñeiro Industrial Municipal, o Xefe do Servizo administrativo e Control orzamentario e o Xefe de Área de Inversións -Área Servizos Xerais.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 4/07/18, acordando "iniciar o expediente para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA. RENOVACIÓN DE ELEMENTOS DE ILUMINACIÓN VIARIA -columnas, luminarias, cadros de mando, e outro material eléctrico", destinado aos Servizos Enerxéticos do Concello de Vigo.

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeiro Industrial Municipal, en data 5/07/18.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada en data 5/07/18, pola Enxeñeiro Industrial Municipal, o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos Xerais, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Concelleiro delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación.

f).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 24/07/18.

g).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 24/07/18.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 116.1 LCSP establece que a celebración de contratos polas Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público, nos Municipios de Gran Poboación as competencias do órgano de contratación exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo.

En virtude da Resolución de data 19 de xuño de 2.015, acordouse a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local, acordándose na mesma data a delegación da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros delegados de Área a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia, modificada por Resolución de Alcaldía de data 9/07/18.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

Cuarto.- O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP; así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP) así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor, a xustificación dos requisitos esixidos para a consideración de inversións financeiramente sostibles, establecidos na Disposición Adicional 16ª TRLRFL modificada polo Real Decreto Lei 1/2.018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para inversións financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo destas.

Sexto.- É preceptiva á previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional Tercera.8 da LCSP e Disposición Adicional oitava.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional Segunda apartado 4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética, renovación de elementos de iluminación viaria- columnas, luminarias, cadros de mando e outro material eléctrico- destinados aos Servizos Enerxéticos- Superávit 2.017.

Segundo- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 24/07/18.



Concello de Vigo

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado pola Enxeñeiro Industrial Municipal de data 5/07/18.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente o cal ascende a un máximo de SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (650.000 euros) (IVE engadido), sendo a partida do IVE de CENTO DOCE MIL OITOCENTOS NOVE EUROS E NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS 112.809,92€).

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do e orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1650.619.00.70 "MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA-RENOVACIÓN ELEMENTOS ILUMINACIÓN VIARIA" provinte da modificación orzamentaria nº 29/2.018, crédito extraordinario (expediente 54/142), para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2.017, e de conformidade coa seguinte anualidade

2.018	650.000 euros
-------	---------------

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e seis minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez